

Fortalece a súa posición no norte

EROSKI ALCANZA UN ACORDO CON SABEKO BANAKETA PARA ADQUIRIR 10 DOS SEUS SUPERMERCADOS EN BISCAIA

- **As tendas que entran na operación están situadas en Basauri, Bilbao, Erandio, Galdakao, Getxo e Santurtzi**
- **EROSKI subrogará a totalidade do equipo de todos os establecementos**
- **Con estas dez tendas, EROSKI prevé abrir 75 supermercados no 2020**

Elorrio, 10 de marzo do 2020.- [EROSKI](#) alcanzou un acordo con Sabeko Banaketa para a adquisición dun lote de dez dos seus supermercados coa insignia [Simply](#) en Biscaia. Os establecementos que entran na operación están situados un en Basauri, cinco en Bilbao, un en Erandio, un en Galdakao, un en Getxo e outro en Santurtzi e abranguen unha superficie comercial aproximada de 8.500 metros cadrados.

EROSKI enmarca esta operación dentro do seu plan para fortalecer a súa presenza nas rexións onde é operador de referencia e mantén posicións de relevancia, como é o caso do País Vasco.

A operación require da aprobación da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) para se materializar. Así que sexa autorizada a operación, EROSKI prevé realizar reformas nas tendas para adaptalas ao modelo "contigo", impulsando a promoción dunha alimentación saudable e sostible, con protagonismo e forte aposta polos produtos locais e frescos de tempada, e un trato máis personalizado ao cliente.

EROSKI contempla o mantemento do todos os postos de traballo e a subrogación das condicións laborais dos equipos de todos os establecementos adquiridos.

"O acordo que pechamos hoxe para a incorporación de dez supermercados ao grupo contribúe a acadar o obxectivo de 75 aperturas de tendas novas no 2020. Trátase dunha operación que se enmarca na nosa aposta por continuar fortalecendo a rede nas rexións do norte de España con novas tendas propias e franquizadas, e continuar medrando nas outras rexións a través da expansión da nosa rede de franquías. Case 300 profesionais uniranse ao equipo de EROSKI para compartir retos e futuros logros", explicou a directora xeral de Rede Comercial de EROSKI, Rosa Carabel.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA****CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial ascende a 1.638 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry; amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas e traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)